

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2010.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D^a. Ana María Abad López

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 17 horas do día 27 de decembro de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario Acctal. D. Pablo Sánchez Lage, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2011. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas con data 22 de decembro de 2010, obrante no expediente, e que a seguir se transcribe literalmente:

“1º.- PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2011. APROBACIÓN INICIAL. DICTAME.-

Aberto o debate polo Sr. Alcalde Presidente, pola Interventora Municipal explícanse os aspectos máis

salientables do proxecto de orzamentos, é en especial o que se refire á redución das previsións de ingresos.

O Sr. Alcalde informa, que si algún grupo ten algunha proposta de investimento que considere de necesaria realización, poderá estudiarse ós efectos dunha posible modificación de crédito no exercicio 2011.

Rematado o debate a Comisión cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Alvarez e Meitín Guerreiro, acorda informar favorablemente o Proxecto de Orzamento Municipal para o exercicio de 2011 e propoñer ó Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2011, que presenta o resumo seguinte:

I.- PRESUPOSTO ECONOMICO DE INGRESOS

A).- OPERACIÓNS CORRENTES.

Cap.1.	Impostos Directos	3.578.700 €
Cap.2.	Impostos Indirectos	10.000 €
Cap.3.	Tasas e outros ingresos	1.289.243,75 €
Cap.4.	Transferencias Correntes	1.143.590 €
Cap.5.	Ingresos Patrimoniais	51.360 €

CONCELLO DE XOVE

B).- OPERACIÓN DE CAPITAL.

Cap.6	Enaxenación de inversións reais	0,00€
Cap.7	Transferencias de capital	63.223,25€
Cap.8	Activos financeiros	0 €
Cap.9	Pasivos financeiros	0,00€
	TOTAL INGRESOS	6.136.117 €

II.- PRESUPUESTO ECONÓMICO DE GASTOS

A).- OPERACIÓN CORRENTES.

Cap.1	Gastos de Persoal	2.613.180,00 €
Cap.2	Gastos en bens correntes e servizos	2.769.333,56 €
Cap.3	Gastos financeiros	1.200,00 €
Cap.4	Transferencias correntes	358.400,00€

B).- OPERACIÓN DE CAPITAL.

Cap.6	Inversións Reais	388.003,44 €
Cap.7	Transferencias de capital	6.000,00 €
Cap.8	Activos financeiros	0 €
Cap.9	Pasivos financeiros	0 €
	TOTAL GASTOS	6.136.117,00€

SEGUNDO: Aproba-lo Cadro de Personal obrante no expediente.

TERCEIRO: Aproba-la Bases de Execución incorporadas ó documento orzamentario.

CUARTO: Que o Orzamento Municipal unha vez aprobado inicialmente, se é o caso, polo Concello Pleno se expoña ó público por prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se insertará no Taboleiro Municipal de Anuncios e se publicará no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións.

Dito acordo de aprobación inicial entenderase definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o trámite de información pública, entrando en vigor no exercicio a que se refire unha vez cumprimentado o disposto nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Os Srs. Vazquez Fra, Fernández Bouza e Ben Fernández manifestan a súa abstención anunciando que se pronunciarán no pleno.”

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde explícase que o orzamento para 2011 é inferior ó de 2010 fundamentalmente pola redución na participación nos tributos do Estado.

Explicase que o capítulo II é similar ó do exercicio anterior, posto que se trata de manter os servizos existentes.

A continuación dáse lectura ó anexo de investimentos, sinalándose que non obstante debe terse en conta que hai outros investimentos que non figuran no capítulo VI pero que son importantes posto que non existen apenas concellos que os teñan en conta, a saber; axudas ó estudo, plan de emprego municipal, axudas para limpeza de montes, axudas para gandería, etc.

CONCELLO DE XOVE

O Sr. Alcalde reitera o ofrecemento efectuado na Comisión Informativa ós Grupos da Corporación de aportar investimentos necesarios para unha futurible modificación de crédito en 2011.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que os orzamentos de 2011 son adaptados á realidade e as necesidades do Concello.

Polo Sr. Fernández Bouza considerase que a exposición efectuada polo Sr. Alcalde é curta e manifestase que os investimentos que se executan no concello son gracias ao remanente de Tesourería, doutro xeito, o Concello ficaría estancado, posto que os recursos están desaproveitados neste último orzamento, antes das próximas eleccións. O Partido Popular comprometeuse a reducir gastos e facer cambios, e sen embargo este orzamento é copia do dos últimos anos, sin alternativas.

Polo BNG pídese que se faga un esforzo cunha partida especial para mellorar o emprego no Concello.

Polo Sr. Alcalde manifestase que a exposición do BNG non pode partir doutro lado que do descoñecemento, e instase a que o BNG se pronuncie sobre que tipo de servizos se considera conveniente recortar para incrementar a inversión. A crítica do BNG resulta pouco constructiva, e brillan pola súa ausencia as aportacións dese partido á elaboración dos orzamentos.

Polo Sr. Fernández Bouza non se considera que se deban pechar servizos, senón que hai unha chea de ideas pendentes de executar por falta de bontade do goberno local.

Polo Sr. Ben Fernández manifestase que a súa posición é de abstención.

Rematado o debate, a corporación cos votos favorables dos Concelleiros/as Salgueiro Rapa, González Álvarez, Abad López, Meitín Guerreiro, e Balseiro Canoura, coa abstención dos concelleiros Vázquez Fra, Fernández Basanta e Casabella Lage, Fernández Bouza e Ben Fernández, acorda aproba-lo dictame da comisión informativa de Contas, e na súa consecuencia :

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio de 2011, que presenta o resumo seguinte:

I.- PRESUPOSTO ECONOMICO DE INGRESOS

A).- OPERACIÓNS CORRENTES.

Cap.1.	Impostos Directos	3.578.700 €
Cap.2.	Impostos Indirectos	10.000 €
Cap.3.	Tasas e outros ingresos	1.289.243,75 €
Cap.4.	Transferencias Correntes	1.143.590 €
Cap.5.	Ingresos Patrimoniais	51.360 €

B).- OPERACIÓN DE CAPITAL.

Cap.6	Enaxenación de inversións reais	0,00€
Cap.7	Transferencias de capital	63.223,25€
Cap.8	Activos financeiros	0 €
Cap.9	Pasivos financeiros	0,00€
	TOTAL INGRESOS	6.136.117 €

II.- PRESUPOSTO ECONÓMICO DE GASTOS

A).- OPERACIÓN CORRENTES.

CONCELLO DE XOVE

Cap.1	Gastos de Persoal	2.613.180,00 €
Cap.2	Gastos en bens correntes e servicios	2.769.333,56 €
Cap.3	Gastos financeiros	1.200,00 €
Cap.4	Transferencias correntes	358.400,00€

B).- OPERACIÓN DE CAPITAL.

Cap.6	Inversións Reais	388.003,44 €
Cap.7	Transferencias de capital	6.000,00 €
Cap.8	Activos financeiros	0 €
Cap.9	Pasivos financeiros	0 €
	TOTAL GASTOS	6.136.117,00€

SEGUNDO: Aproba-lo Cadro de Personal obrante no expediente.

TERCEIRO: Aproba-la Bases de Execución incorporadas ó documento orzamentario.

CUARTO: Que o Orzamento Municipal unha vez aprobado inicialmente, se é o caso, polo Concello Pleno se expoña ó público por prazo de 15 días hábiles mediante anuncio que se insertará no Taboleiro Municipal de Anuncios e se publicará no Boletín Oficial da Provincia a efectos de reclamacións.

Dito acordo de aprobación inicial entenderase definitivo de non presentarse reclamacións contra o mesmo durante o trámite de información pública, entrando en vigor no exercicio a que se refire unha vez cumprimentado o disposto nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezasete horas e vinte minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO ACCTAL,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Pablo Sánchez Lage